

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se aproba a actualización do Plan básico autonómico de Galicia.

I. Antecedentes.

1. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 26 de xullo de 2018, de conformidade co disposto nos artigos 50.8 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 102.8 do Regulamento da dita lei, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, acordou aprobar definitivamente o Plan básico autonómico de Galicia, integrado polos seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa dos seus fins, obxectivos e determinacións.

b) Planos de delimitación dos ámbitos de aplicación dos instrumentos de ordenación do territorio.

c) Planos de delimitación das afeccións sectoriais.

d) Plano de identificación dos asentamentos de poboación.

e) Ordenanzas tipo de edificación e uso do solo.

f) Catálogo.

2. O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, foi publicado no DOG núm. 162, do 27 de agosto, así como nos catro boletíns oficiais provinciais, con data do 28 de setembro (BOP da Coruña núm. 186, do 28 de setembro; BOP de Lugo núm. 224, do 28 de setembro; BOP de Ourense núm. 224, do 28 de setembro, e BOP de Pontevedra núm. 188, do 28 de setembro).

3. Ante a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarouse, mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional, por parte do Goberno de España.



A disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, na súa redacción dada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, refírese á suspensión dos prazos administrativos, sinalando a suspensión de termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos de todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Porén, a propia disposición prevé a posibilidade de que as entidades do sector público acorden, motivadamente, a continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

En atención ao exposto, de conformidade coa Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 27 de abril de 2020, publicada no DOG núm. 84, do 4 de maio, acórdase o inicio e/ou a continuación da tramitación de determinados procedementos indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos públicos no ámbito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, durante a vivencia do estado de alarma, entre eles, os procedementos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico, tal e como consta no número 3 do anexo da citada orde.

II. Procedemento de actualización.

1. De conformidade co disposto no artigo 90.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Plan básico autonómico debe actualizarse en función dos cambios derivados das modificacións das afeccións sectoriais e da aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio, por canto constitúe unha peza viva, radiográfica do acontecer normativo que afecta o territorio da Comunidade Autónoma, ao que necesariamente deberán acudir os diversos axentes que actúan sobre o territorio nunha permanente revisión do estado da cuestión, que deberá dotar de transparencia e axilidade as accións planificadoras futuras.

2. O artigo 9 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, sinala que os cambios derivados da aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio, así como as modificacións que se produzan nas afeccións sobre o territorio consonte a respectiva lexislación sectorial, en canto constitúe a súa normativa



reguladora consonte co disposto no artigo 4.3, resultarán directamente vinculantes desde a súa entrada en vigor, prevalecendo sobre a información que, sobre a materia, se reflicta nos planos que integran a cartografía do Plan básico autonómico.

O sinalado no punto anterior enténdese sen prexuízo da necesidade de que a dita cartografía deba ser obxecto de oportuna actualización mediante resolución administrativa e a publicación do correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* con indicación dos cambios operados e cunha periodicidade mínima anual, en atención á natureza de documento dinámico da que participa o Plan básico autonómico.

3. Dado o carácter de instrumento dinámico, algúns organismos así como particulares, logo da aprobación definitiva do PBA foron comunicando á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo algúns erros detectados, así como as correspondentes modificacións a realizar. Así mesmo solicitouse expresamente información territorial actualizada a diferentes organismos con competencias sectoriais, tanto autonómicos como estatais.

III. Contido da actualización.

As modificacións derivadas da primeira actualización do Plan básico autonómico recóllense no anexo da presente resolución.

O contido íntegro do Plan básico autonómico e a súa actualización está dispoñible nas seguintes direccións electrónicas:

Descargas: <http://mapas.xunta.gal/visores/descargas-pba/>

Visor: <http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

IV. Resolución.

De conformidade co disposto no artigo 90.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no artigo 9 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia e no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se es-



tablece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, a competencia para a actualización do Plan básico autonómico correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, en consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a actualización do Plan básico autonómico de Galicia co contido sinalado no punto III e no anexo da presente resolución.

Segundo. Publicar a presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Terceiro. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 212.1 e 213 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo inscribirá de oficio a actualización Plan básico autonómico de Galicia no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Cuarto. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En todo caso, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo atópase suspendido e reenicíase unha vez finalice a vixencia do citado real decreto ou, se é o caso, as prórrogas deste.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020

M^a Encarnación Rivas Díaz
Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



ANEXO

Modificacións derivadas da primeira actualización do plan básico autonómico en relación ás seguintes afeccións sectoriais:

Como resultado da recompilación de información dos distintos organismos sectoriais modifícase e actualízase o Plan básico autonómico nas seguintes afeccións:

1. Instrumentos de ordenación do territorio:

Instrumentos de ordenación do territorio engadidos na actualización do PBA 2020:

Plan sectorial:

- OT-17-033. Modificación puntual núm. 1 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (aprobación definitiva polo Consello da Xunta o 29.11.2018, DOG núm. 242 do 20.12.2018).

Afecta os concellos de: Cambre e Cerceda na provincia da Coruña, Palas de Rei en Lugo, o concello de Ourense, e Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vigo e Redondela na provincia de Pontevedra.

Proxectos sectoriais:

10 liñas de alta tensión:

- OT-18-002. Liña de alta tensión de evacuación do parque eólico Montes de Abella fase I-II modificado (aprobación definitiva do 28.2.2018, DOG núm. 67 do 5.4.2019).

- OT-17-030. Liña colectora Ludrio eixo sur: Tramo II 132 kV-parque eólico Serra do Punago-Vacariza/parque eólico Monciro (aprobación definitiva do 22.11.2018, DOG núm. 233 do 7.12.2018).

- OT-17-032. Liña de alta tensión de 132 kV da subestación eléctrica parque eólico de Monciro a subestación eléctrica interconexión Ludrio (aprobación definitiva do 27.12.2019, DOG núm. 11, do 16.1.2019).

- OT-18-005. Liña de alta tensión de evacuación parque eólico Pena Forcada Catasol II (aprobación definitiva do 31.1.2019, DOG núm. 33, do 15.2.2019).



• OT-09-071. Liña de alta tensión de 132 kV PEO Serra de Oribio-Sub Triacastela (aprobación definitiva do 9.11.2017, DOG núm. 187, do 1.10.2018).

• OT-17-046. Liña de media tensión de 30 kV de evacuación do parque eólico Cadeira (aprobación definitiva do 15.11.2018, DOG núm. 243, do 21.12.2018).

• OT-17-045. Liña de alta tensión de 66 kV dos parques eólicos de Montetourado e Eixo Montetourado á Subestación colectora Regoelle 20-66/220 kV (aprobación definitiva do 22.11.2018, DOG núm. 240, do 18.12.2018).

• OT-17-031. Liña de alta tensión de 132 kV da subestación eléctrica do parque eólico Pastoriza-Rodeiro á subestación eléctrica de interconexión Ludrio 132/400 kV (Ludrio norte) (aprobación definitiva do 1.8.2019, DOG núm. 157, do 21.8.2019).

• OT-18-045. Liña de alta tensión de 66 kV de evacuación do parque eólico Miñón (aprobación definitiva do 10.10.2019, DOG núm. 221, do 20.11.2019).

• OT-18-047. Liña de alta tensión de 132 kV de evacuación do parque eólico Ourol (aprobación definitiva do 10.10.2019, DOG núm. 221, do 20.11.2019).

19 parques eólicos:

• OT-05-060. Modificación non substancial do parque eólico Oribio (fase I) (aprobación definitiva do 27.6.2019, DOG núm. 154, do 14.8.2019).

• OT-07-050. Parque eólico Paradela (aprobación definitiva do 13.12.2018, DOG núm. 12, do 17.1.2019).

• OT-10-069. Modificación non substancial do parque eólico Sasdónigas (aprobación definitiva do 22.11.2018, DOG núm. 24, do 4.2.2019).

• OT-11-033. Modificación non substancial do parque eólico Alto da Croa (aprobación definitiva do 5.12.2019, DOG núm. 3, do 7.1.2020).

• OT-13-012. Parque eólico Ourol (aprobación definitiva do 10.10.2019, DOG núm. 221, do 20.11.2019).

• OT-14-003. Parque eólico Carracedo (aprobación definitiva do 05.12.2018, DOG núm. 7, do 10.1.2019).



- OT-14-004. Parque eólico A Pastoriza (aprobación definitiva do 5.12.2018, DOG núm. 7, do 10.1.2019).
- OT-14-024. Parque eólico Pastoriza-Rodeiro (aprobación definitiva do 10.10.2018, DOG núm. 215, do 12.11.2018).
- OT-15-011. Parque eólico Neda (aprobación definitiva do 25.10.2018, DOG núm. 232, do 5.11.2018).
- OT-15-012. Parque eólico Cadeira (aprobación definitiva do 25.10.2018, DOG núm. 232, do 5.11.2018).
- OT-16-008. Parque eólico Serra do Punago-Vacariza (aprobación definitiva do 4.4.2019, DOG núm. 83, do 2.5.2019).
- OT-17-006. Parque eólico Pena Forcada Catasol II (aprobación definitiva do 12.7.2018, DOG núm. 152, do 9.8.2018).
- OT-17-011. Parque eólico Monte Tourado-Eixe (aprobación definitiva do 4.10.2018, DOG núm. 223, do 22.11.2018).
- OT-17-019. Parque eólico A Ruña II (aprobación definitiva do 19.12.2019, DOG núm. 30, do 13.02.2020).
- OT-17-022. Modificación non substancial do parque eólico Montes de Abella fase I-II (aprobación definitiva do 27.7.2019, DOG núm. 148, do 6.8.2019).
- OT-17-043. Repotenciación do parque eólico de Zas (aprobación definitiva do 25.4.2019, DOG núm. 109, do 11.6.2019).
- OT-18-003. Parque eólico Mouríños (aprobación definitiva do 4.10.2018, DOG núm. 198, do 17.10.2018).
- OT-18-010. Parque eólico Miñón (aprobación definitiva do 01.08.2019, DOG núm. 158, do 22.8.2019).
- OT-18-054. Parque eólico Sasdónigas fase II (aprobación definitiva do 20.12.2018, DOG núm. 24, do 4.2.2019).



Outros proxectos sectoriais:

- OT-18-034. Ampliación do Hospital Montecelo (aprobación definitiva do 26.7.2019, DOG núm. 184, do 27.9.2019, e núm. 188, do 3.10.2019).
- OT-17-026. Aluminios Cortizo (aprobación definitiva do 3.10.2019, DOG núm. 208, do 31.10.2019).
- OT-17-044. Modificación puntual núm. 2 do parque empresarial de Mondoñedo (aprobación definitiva do 14.6.2018, DOG núm. 123, do 28.6.2018).
- OT-19-003. Modificación puntual núm.1 do parque empresarial de Carballo (aprobación definitiva do 16.5.2019, DOG núm. 214, do 11.11.2019).

Correccións de erros na información dos Instrumentos de ordenación do territorio:**Engadíronse os seguintes documentos:**

- OT-05-21. Parque eólico Hépotas (aprobación definitiva do 13.3.2011, DOG núm. 92, do 15.5.2019).
- OT-10-07. Modificación puntual segunda do parque empresarial de Monterroso (aprobación definitiva do 25.3.2010, DOG núm. 72, do 19.4.2010). Figuraba no listado do anexo III do PBA pero non estaba incorporado na documentación gráfica.
- OT-12-230. Parque eólico Chan do Eixo (aprobación definitiva do 23.2.2017, DOG núm. 116, do 19.6.2018).

Elimínanse os seguintes documentos:

- OT-05-09. Aproveitamento hidráulico no río Landro. Anulado por sentenza do STS-XG 5630/2008 e STS 1472/2012.
- Do listado do anexo III do PBA: OT-12-105. Mellora e ampliación das infraestruturas básicas de abastecemento dos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel e Reinante; e OT-12-106. Mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento dos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel e Reinante; afectados pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 462/2013, do 6.6.2013, que anula o Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento, abastecemento e rede viaria do Concello de Barreiros.



2. Outros espazos protexidos (fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos).

Engadiuse un novo Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Río Gafos, e un novo Espazo Privado de Interese Natural (EPIN) Os Lagos de Lousada.

3. Biodiversidade.

Engadíronse dúas árbores senlleiras:

- Falso ciprés de Solvouta, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña).
- Magnolia grandiflora da Casa da Picota, no concello de Boqueixón (A Coruña).

Engadiuse unha nova formación senlleira:

- Olmos de Santiago de Reinante, no concello de Barreiros (Lugo).

Engadiuse a información sobre o plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) e sobre os plans de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.), do sapo-concho común (*Emys orbicularis* L.) e do oso pardo (*Ursus Arctos*), diferenciando en todos eles a información das áreas de presenza e das áreas prioritarias.

4. Costas.

Actualízase a información de costas con data do 12.6.2019, inclúense as ordes ministeriais desde xullo de 2016 ata agosto de 2018, e tamén se reducen os tramos en tramitación.

En detalle:

Provincia	Concello	Orde ministerial	Referencia
A Coruña	Ares	6.9.2017	DL-215-LC
	Arteixo	4.8.2017	DL-147-LC
	Boiro	19.10.2016	DL-171-LC DL-167-LC
	Cabanas	2.10.2017	DL-164-LC
	Cambre	6.7.1989 en tramitación	DL-98-LC
	Cariño	11.7.2017	DL-105-LC



Provincia	Concello	Orde ministerial	Referencia
	Fene	19.7.2017	DL-199-LC (rectificación)
	Fisterra	27.2.2017	DES01/07/15/0005
	Mugardos	5.2.2018	DL-132-LC
	Muros	27.2.2017	DL-201-LC
		10.4.2017	DL-196-LC
		En tramitación	DL-196-LC
		17.5.2018	DL-163-LC (modificación)
	Outes	19.7.2017	DL-151-LC
	A Pobra do Caramiñal	27.2.2017	DL-125-LC
	Ribeira	7.2.2017	DL-176-LC
		17.8.2018	DL-160-LC
	Sada	7.2.2017	DES01/14/15/0001
Lugo	Barreiros	5.6.2017	DL-23-LU (modificación)
	Cervo	20.12.2016	DL-37-LU (modificación)
	Foz	23.5.2017	DL-28-LU DL-14-LU
		28.5.2018	DL-28-LU (rectificación)
	O Vicedo	23.5.2017	DL-10-LU (modificación) DL-34-LU (modificación) DL-26-LU (modificación)
	Ribadeo	23.5.2017	DL-41-LU (modificación) DL-22-LU (modificación)
		5.2.2018	DL-22-LU (rectificación)
	Viveiro	23.5.2017	DL-31-LU (modificación) DL-18-LU (modificación)
		10.10.2017	DL-45-LU
Pontevedra	Bueu	22.3.2018	DL-158-PO
	Cambados	2.10.2017	DES01/06/36/0001
		25.10.2017	DES01/06/36/0001
		15.3.2018	DES01/06/36/0001
	O Rosal	19.4.2018	DES01/08/36/0003
	Vigo	27.7.2016	DL-151-PO
		15.3.2018	DL-151-PO (tramo 1) (rectificación)
	Vilanova de Arousa	19.10.2016	DL-163-PO (modificación)



5. Augas.

Actualizouse a información da rede hidrográfica coa información derivada do lugar de descarga dixital facilitado polas administracións competentes (confederacións hidrográficas que afecta a Comunidade Autónoma de Galicia: Augas de Galicia, Miño-Sil, Duero, e Cantábrico).

6. Paisaxe

Engadíronse as seguintes áreas de especial interese paisaxístico incluídas no Catálogo da paisaxe de Galicia, na Grande Área Paisaxística Rías Baixas:

- Serra do Cando, AEIP_08_12.
- Serra do Suído, AEIP_08_15.

7. Estradas.

Actualizouse a información da rede de estradas na comunidade autónoma, o que afecta principalmente cambios de titularidade de tramos de vías, de acordo coa base cartográfica oficial.

8. Ferrocarrís.

Actualizouse a información do sector ferroviario coa información derivada do lugar de descarga dixital facilitado pola administración competente, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), o 3.7.2019: <http://ideadif.adif.es>.

9. Enerxía eléctrica.

Completouse a información da rede eléctrica de alta tensión na comunidade, engadindo 27 elementos novos.

Asemade, engádese a rede de media tensión.

10. Enerxía eólica.

Segundo a información facilitada polo organismo competente puxéronse en funcionamento 50 aeroxeradores novos dende a aprobación definitiva do Plan básico autonómico.



11. Gasoduto.

Engadiuse unha planta de gas natural líquido (GNL) para a subministración a Sarria (Lugo).

12. Portos.

Portos de Galicia:

Engadiuse nova información sobre a sinalización dos portos de Galicia, cunha capa de puntos, cun total de 274 novas entidades.

Asemade, tamén se engadiron 3 novas zonas de servizo:

Nome do porto	Concello	Provincia
Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	Pontevedra
Muxía	Muxía	A Coruña
Ponteceso	Ponteceso	A Coruña

E foron modificadas as delimitacións das zonas de servizo dos seguintes 22 portos:

Nome do porto	Concello	Provincia
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra
As Corbaceiras	Pontevedra	Pontevedra
Tragove	Cambados	Pontevedra
Palmeira	Ribeira	A Coruña
Cabo de Cruz	Boiro	A Coruña
Escarabote	Boiro	A Coruña
Portosín	Porto do Son	A Coruña
Camelle	Camariñas	A Coruña
Laxe	Laxe	A Coruña
Barizo	Malpica	A Coruña
Ares	Ares	A Coruña
Ribadeo	Ribadeo	Lugo
Cedeira	Cedeira	A Coruña
Bares	Mañón	A Coruña
Burela	Burela	Lugo



Nome do porto	Concello	Provincia
Vilaxoán	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
Moaña	Moaña	Pontevedra
Muros	Muros	A Coruña
Portocubelo	Portocubelo	A Coruña
Corcubión	Corcubión	A Coruña
Quenxe	Quenxe	A Coruña
Fisterra	Fisterra	A Coruña

Portos do Estado:

Actualízase a capa de información de Portos do Estado engadíndose 90 sinalizacións, principalmente localizadas nos portos de interese xeral do Estado de: Marín e ría de Pontevedra; de Vilagarcía de Arousa e a súa ría; do porto exterior da Coruña; e de Ferrol e a súa ría.

13. Aeroportos.

Actualízase a información de aeroportos en base a documentación remitida polo órgano sectorial competente o 26 de xullo de 2019, en concreto en:

- Actualízase a información da servidume aeronáutica do Radar de Espiñeiras e do Radar das Pontes.

Así mesmo, procédese a corrección dos erros detectados polo organismo competente na Zona de Servizo do Aeroporto de Vigo e na Zona de Servizo do Aeroporto da Coruña.

14. Telecomunicacións.

No tocante a información do Plan sectorial de Retegal e dos proxectos sectoriais de antenas de Retegal, o órgano sectorial competente procedeu a identificación daquelas antenas previstas que están executadas:

- 4 antenas derivadas dos proxectos sectoriais:
 - RTGR15029_1502331CORISTANCO e RTGR27028_2700832LUGO previstas no proxecto sectorial de código OT-14-027.
 - RTGR27021_2700848XERMADE e RTGR27034_2700843NAVIA DE SUARNA previstas no proxecto sectorial de código OT-14-021.



- 9 antenas derivadas das actuacións previstas definidas no Plan sectorial de Retegal:

RTGR15091_1502288VILARMAIOR	RTGR15026_1502297CESURAS	RTGR15041_1502299ALARACHA
RTGR27058_2700758OSAVIÑAO	RTGR27026_2700783LANCARA	RTGR27044_2700793APASTORIZA
RTGR27018_2700829FONSAGRADA	RTGR27042_2700833PARADELA	RTGR32046_MELON

No tocante ao resto de antenas localizadas no Plan básico autonómico das que derivan afeccións territoriais, o órgano competente realizou unha revisión das mesmas procedendo a sinalar unha serie de correccións que hai que incluír:

- Corrixíronse as coordenadas de 227 antenas, moitas delas pola detección de pequenas imprecisións,

• Desaparecen 11 antenas das identificadas como titularidade de Retegal (as identificadas cos seguintes códigos na aprobación definitiva: RTGA36533; RTGA36036046_PEDRADA; RTGA27030003_MONDOÑEDO; RTGA15015023_CABANAS; RTGR15006_1502287ARZUA; RTGR27010_2700737CASTRODEREI; RTGR32013_3200791MACEDA; RTGR36017_3601205AESTRADA; RTGR27017_2700870FOLGOSODOCOURCEL; RTGR15070_1502208ASPONTES; RTGR27048_2700794APONTENOVA) así como a súa afección.

- Engádense 9 antenas:

RTGA36535	RTGA27561	RTGA36538
RTGA36541	RTGA27513	RTGA15526
RTGA36537	RTGA32523	RTGA32524

- Procedese a corrixir tamén a afección das antenas para axustala aos cambios anteriores.

15. Defensa.

Engadíronse 8 zonas de seguridade das instalacións de defensa e ademais engadíronse ámbitos á instalación de defensa do Exército de Terra de Figueirido, nos concellos de Pontevedra, Marín e Vilaboa; e engadiuse unha batería de costa no concello do Grove, segundo o sinalado polo organismo sectorial competente no seu informe do 20 de decembro de 2019.

Nome da zona de seguridade	Exército
Zona de seguridade próxima Escuadrón de Vixilancia Aérea núm. 10	Aire
Zona de seguridade Polvoríns de Mougá	Armada



Nome da zona de seguridade	Exército
Zona de seguridade La E.N. da Graña y Monte Fontelo	Armada
Zona de seguridade El Arsenal, Repuestos, E.E. Antonio de Escaño, Cuartel de Dolores del Tercio Norte y el Pabellón de Deportes de Batallones	Armada
Zona de seguridade Campo de Maniobras y Tiro de Parga	Terra
Zona de seguridade El Montón	Armada
Zona de seguridade base General Morillo	Terra
Zona de seguridade afastada de batería J-1 Puerto Cauces	

16. Concesións mineiras.

Actualizouse a información das concesións mineiras segundo a información facilitada pola Cámara Oficial Mineira de Galicia o 25 de outubro de 2019. Pásase de 1.027 dereitos mineiros na aprobación definitiva a 1.001 dereitos mineiros na actualización, o que supón unha redución de 8.426,91 ha, pasando de 354.494,62 ha na aprobación definitiva a 346 067,71 ha na actualización.

17. Concentracións parcelarias.

Engadíronse 11 concentracións parcelarias ás inicialmente recollidas no PBA, 4 na provincia da Coruña e 7 na provincia de Lugo:

Zona	Concello	Provincia	Decreto
Lamaboa	Palas de Rei	Lugo	1.11.2011
San Vicente de Vigo e Santa María de Vigo	Carral	A Coruña	26.3.1992
Vilarmaior-Barbeiros	Ordes	A Coruña	14.11.1990
Santa María de Nebra	Porto do Son	A Coruña	13.9.1991
Monte de Foxáns e Santa María de Bendaña	Touro	A Coruña	19.2.1993
Fanoi	Abadín	Lugo	19.2.1993
Pousada	Baleira	Lugo	27.5.1999
Ramil	Castro de Rei	Lugo	20.9.2001
San Xíao de Mos	Castro de Rei	Lugo	20.9.2001
Órrea-Galegos	Riotorto	Lugo	29.1.1992
Frexulfe	Valadouro, O	Lugo	1.10.1997



Así mesmo, fixéronse correccións en 29 concentracións parcelarias xa recollidas na aprobación definitiva do PBA:

Zona	Concello	Provincia	Decreto
San Juan de Ortoño	Ames	A Coruña	17.9.1964
San Lorenzo de Agrón	Ames	A Coruña	12.10.1960
Trasmonte	Ames	A Coruña	26.12.1964
Lens	Ames	A Coruña	14.2.1969
San Mamede do Monte	Baña, A	A Coruña	9.5.1963
Corneira	Baña, A	A Coruña	1.3.1962
Ermida, A	Baña, A	A Coruña	1.3.1962
Suevos	Baña, A	A Coruña	1.3.1962
Riba, A	Baña, A	A Coruña	1.3.1962
Cabanas II	Baña, A	A Coruña	1.3.1962
Barro-Marcelle	Baña, A	A Coruña	26.10.1961
Fiopáns	Baña, A	A Coruña	21.9.1960
Troitosende	Baña, A	A Coruña	21.9.1960
Marcelle	Baña, A	A Coruña	10.8.1985
Cabanas	Baña, A	A Coruña	17.6.1963
Os Ánxeles	Brión	A Coruña	26.4.1965
Coirós-Colantres-Lesa-Armea	Coirós	A Coruña	11.10.1967
Regueira	Oza dos Ríos	A Coruña	17.6.1981
Rodeiro-Bandoxa II	Oza dos Ríos	A Coruña	29.8.1980
Cis	Oza dos Ríos	A Coruña	22.7.1966
Cuíña	Oza dos Ríos	A Coruña	17.5.1966
Oza-Paderne	Oza dos Ríos	A Coruña	5.4.1965
Reboredo	Oza dos Ríos	A Coruña	7.9.1962
Bermui-Ribadeume	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña	25.8.1979
San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña	13.10.1961
Alón	Santa Comba	A Coruña	22.2.1984
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	28.6.1972
Vilarmair	Santa Comba	A Coruña	14.9.1966
Meirás	Valdoviño	A Coruña	7.10.1963



18. Emerxencias e interior.

Actualízase a información relativa aos establecementos afectados polo Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves, nos que interveñan substancias perigosas segundo a información facilitada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior do 8.11.2019.

Inclúese unha nova capa coa delimitación de 14 ámbitos con Plan de emerxencia exterior (PEE) dos establecementos Seveso de nivel superior:

Nome da empresa	PEE	Concello	Provincia
Repsol Butano, S.A.	PEE A Grela-Bens	A Coruña	A Coruña
Repsol Petróleo, S.A.	PEE A Grela-Bens	A Coruña	A Coruña
ALU Ibérica LC, S.L.	PEE A Grela-Bens	A Coruña	A Coruña
CLH, S.A.	PEE A Grela-Bens	A Coruña	A Coruña
Arteixo Química, S.L.U.	PEE Arteixo Química, S.L.U.	Arteixo	A Coruña
Masol Iberia Biofuel, S.L.U.	PEE Cabo Prioriño	Ferrol	A Coruña
Reganosa	PEE C.I. Punta Promontorio	Mugardos	A Coruña
Forestal del Atlántico, S.A. e Imegasa	PEE C.I. Punta Promontorio	Mugardos	A Coruña
Aluminio Español, S.A.	PEE C.I. San Cibrao	Cervo	Lugo
Cepsa Comercial Petróleo, S.A.U.	PEE Cepsa Gas Licuado, S.A. Maside	Maside	Ourense
CLH, S.A. (Vigo)	PEE CLH Vigo	Vigo	Pontevedra
Foresa, Industrias Químicas del Noroeste, S.A.U.	PEE Foresa	Caldas de Reis	Pontevedra
Finsa-Foresa, Industrias Químicas del Noroeste, S.A.U.	PEE Parque de Almacenamento Finsa-Foresa	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
Syngenta España, S.A.	PEE Syngenta España, S.A.	O Porriño	Pontevedra

A capa de puntos da actualización do PBA inclúe a información de 29 Sevesos de nivel inferior:

Nome da empresa	Concello	Provincia
Bioetanol Galicia, S.A.	Curtis	A Coruña
C.L.H., S.A.	A Coruña	A Coruña
Carbuos Metálicos, S.A.	Fene	A Coruña
Nedgia A Barcala GLP-185-15	Cambre	A Coruña
Nedgia Matogrande	A Coruña	A Coruña
Gesuga, Gestora de Subproductos de Galicia, S.A.	Cerceda	A Coruña



Nome da empresa	Concello	Provincia
Industrias del Tablero, S.A.	San Sadurniño	A Coruña
Ingaroil, S.L.U.	As Somozas	A Coruña
Nedgia PSR GNL-079-124	Ribeira	A Coruña
Nedgia GLP 98-15	Carballo	A Coruña
Nedgia Ferrol	Ferrol	A Coruña
Unión de Empresas Madereras, S.A.	Coristanco	A Coruña
Sociedade Galega de Residuos Industriais, S.A.	As Somozas	A Coruña
Sociedade Galega de Residuos Industriais, S.A.	As Somozas	A Coruña
Nedgia PSR GNL 96085	Lugo	Lugo
Euroserum Ibérica, S.L.	Monforte de Lemos	Lugo
Nedgia Cuiña	Lugo	Lugo
Magnesitas de Rubián, S.A.	O Incio	Lugo
Nedgia Foz	Foz	Lugo
Nedgia Monforte GLP 13-27	Monforte de Lemos	Lugo
Vitogas España, S.A.	Sober	Lugo
Nedgia Verín	Verín	Ourense
Ence, Energía y Celulosa, S.A.	Pontevedra	Pontevedra
Copo Ibérica, S.A.	Mos	Pontevedra
Imeris Kiln Furniture España, S.L. (IKF)	A Guarda	Pontevedra
Nedgia PSN GNL-106	Lalín	Pontevedra
Nedgia PSR GNL-125	O Grove	Pontevedra
Nedgia PSN GNL-043	Cangas	Pontevedra
Zelnova Zeltia, S.A.	O Porriño	Pontevedra

19. Patrimonio cultural.

O Catálogo do Plan básico autonómico ampliouse bastante coa información achegada polo órgano competente.

De xeito resumido pode apuntarse o seguinte:

- Ampliouse en 63 o número de Bens de Interese Cultural (BIC) cos seus respectivos contornos de protección.
- Engadiuse a delimitación do Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de paisaxe cultural da Ribeira Sacra (DOG núm. 246, do 29.12.2017).



- Ampliouse en 298 o número de bens catalogados cos seus respectivos contornos de protección.

- Corrixíuse a localización dalgúns BIC e dalgúns bens catalogados xa incluídos na aprobación definitiva do Plan básico autonómico.

- Engadíronse tres plans especiais de protección.

20. Límites administrativos.

Actualízase a información sobre os límites municipais, e os da Comunidade Autónoma, coa información xeográfica de referencia dispoñible no centro de descargas do Instituto Xeográfico Nacional (IGN), descarga de febreiro de 2020.

As principais alteracións coa información previa da aprobación definitiva do PBA son as seguintes:

- Alteración do límite da Comunidade Autónoma de Galicia en: Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Navia de Suarna, Folgoso do Courel, A Gudiña, Riós, Vilardevós, Verín, Oímbra, Monterrei, Cualedro, Baltar e Calvos de Randín.

- Alteracións nos límites entre concellos:

- Entre O Barco de Valdeorras e Rubiá.

- Entre Barro e Portas.

- Entre O Corgo e Láncara.

- Entre Monterrei e Cualedro, e Monterrei e Oímbra.

- Entre Oímbra e Verín.

- Entre Baltar e Cualedro.

- Entre Marín e Pontevedra.

- No porto de Pontevedra, que se ten ampliado cara á ría.

- Entre Dozón e Lalín.



– Entre Covelo e Mondariz.

– Entre Cerdedo-Cotobade e Forcarei.

21. Entidades de poboación.

Actualizouse a información engadindo 27 entidades de poboación derivadas dos planeamentos xerais aprobados:

- Concello de Vilaboa: Larache; Outeiro, O; e Carballal.
- Concello de Coles: Seara Vella; Viso de Arriba; e Pazo, O.
- Concello da Teixeira: Ponte, A; Barrio; e Requeixo.
- Concello de Coles: A Eirexa; Alto de Curros; A Ribada; O Sobrado; Figueiredo; San Paio; Marco de Mira; A Zarriña; Vilar de Abaixo; e Outeiro de Cales.
- Concello de Tordoia: Torna, A; Casaldabade; Pazos de Abaixo; Monte Vello; Pardiñeiro; e Rabo do Lobo.
- Concello de Foz: Cangas.

